



RAFAEL ÚBEDA

EXPRESIONES CROMÁTICAS

DO 22 DE XUÑO AO 17 DE SETEMBRO
EDIFICIO CASTELAO

Depoñto Legalle PO 362-2023

 DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

 MUSEO
PONTEVEDRA

museo.depo.gal

DOSSIER PARA MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Rafael Úbeda. Expresións cromáticas

Do 22 de xuño ao
17 de setembro de
2023

Museo de
Pontevedra, Edificio
Castelao

Comisaria: Pilar
Corredoira

Conformada por medio cento de obras, esta exposición xunta pinturas e algúns debuxos das tres últimas décadas de produción artística de Rafael Úbeda. A mostra propón un itinerario que afonda naqueles aspectos que estiveron presentes ao longo da súa traxectoria e definen a súa linguaxe. Escolléronse obras que ilustran con nitidez os seus argumentos estilísticos e que deron lugar a unha pintura de factura recia, situada en parte na contorna dunha linguaxe poscubista, arraigada nuns cimentos que remiten ao expresionismo europeo.

O título da mostra, 'Expresións cromáticas', remite ás esencias multiformes da obra de Úbeda e á exaltación dunha das grandes calidades que comporta a súa pintura: a "expresividade cromática", un dos



Los circenses
2023

principais signos distintivos que cruzará toda a súa obra, desenvolvida en diferentes áreas creativas, como son a pintura, o muralismo, o debuxo ou o gravado.

Nas creacións que forman esta mostra quedan reflectidas as principais preocupacións do artista, entre elas a importancia outorgada á figura humana, distribuída en composicións solitarias ou en grupos; intencionadamente deformada, expresionista. Así mesmo, Úbeda traslada á súa pintura as incertezas, as complexidades da vida, e convérteas en materia plástica, en accións que denotan movemento e actividade.

Na ampla colección de personaxes e elementos que poboan os seus cadros, aparecen artistas circenses, actores, máscaras de entroido e, sobre todo, músicos e músicas que tocan diferentes instrumentos, formando grupos ou illados. Úbeda definiuse como “artista sinestésico”, porque “intúe cores nos sons e sons nas cores”; á música dedica boa parte das obras presentes na mostra.



Coral 1
1994

APUNTAMENTOS BIOGRÁFICOS

Rafael Úbeda naceu en Pontevedra en 1932. É doutor en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid e académico de número da Academia de Belas Artes de Galicia. Exerceu a docencia como profesor de Debuxo na Escola Superior de Belas Artes

de San Fernando e de Pintura na Escola de Belas Artes Sant Jordi de Barcelona. Foi catedrático de Debuxo de INB e profesor numerario de Pintura da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Na súa adolescencia en Pontevedra, Rafael Úbeda participou en conxuntos de cámara, na Polifónica, ou en coros e rondallas. Esa paixón pola música compártea coa pintura: realizou traballos iniciais de deseño de carteis, escenografías ou ilustracións para revistas.



En 1956 viaxou a Madrid co fin de iniciar estudos na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando, licenciándose nas especialidades de Pintura, Gravado e Mural. En 1961 trasladouse a Países Baixos para completar estudos de pintura e gravado na Hoger Akademy St. Joos de Breda, coa axuda dunha bolsa de viaxe proporcionada polo Estado español e ampliada polo Estado holandés. Traballou no taller do pintor Willem van Leusden en Maarsen (Holanda).

Coñeceu ao pintor Flip van der Burgt, un dos fundadores do grupo internacional de artistas gravadores Zebra, no que se integrou e cos que participou en exposicións conxuntas en Amsterdam e noutras cidades centroeuropeas. Durante un tempo asistiu ao seu taller e participou da vida artística de vangarda que se estaba producindo na capital holandesa.

En 1965 obtivo a única praza do Gran Premio de Roma na modalidade de paisaxe e traslada o seu taller á capital italiana por un período de catro anos. Traballou en proxectos escenográficos nos estudos de Cinecitta xunto ao profesor Montori; coñeceu ao

director de cinema Federico Fellini e ao actor de comedias Totó.

En 1967 presentou no Museo de Pontevedra as súas obras italianas recentes de pintura e gravado e participou cos artistas da Academia en exposicións en Roma, Boloña e Salerno.

Foi seleccionado para a realización dun gran mural na Basílica da Anunciación en Nazaret de Galilea (Israel), unha obra de 162 metros cadrados realizada en pintura ao fresco. Finalizouna en 1968.

Na década dos anos setenta o seu discurso pictórico engrandécese: conserva os fundamentos dun expresionismo persoal ben diferenciado, de formas recias e imaxes comunicativas. A principal protagonista das escenas é a figura humana.

Un dos grandes fundamentos que define a obra de Rafael Úbeda é a sonoridade. Ao longo dos anos investigou arredor da interrelación entre sons e cores, que reflectiu na súa tese de doutoramento: *La sonorización pictórica desde una primera intuición*. Este vínculo é protagonista dunha parte moi importante da súa produción pictórica e púxose de manifesto en experiencias plástico-sonoras no Gran Auditorio Palau da Música de Valencia e na Universidade de Sevilla.

Ao longo da súa traxectoria levou a cabo numerosas exposicións en museos, institucións vinculadas á arte contemporánea e galerías de Europa, Asia e América. Entre elas, nos museos de Moscova e San Petersburgo, no Parlamento Europeo (Bruxelas), nas bienais de Cracovia e Heidelberg, no Museo de Arte Moderna de Nicaragua, na Fundación Domecq (México), no Chicago Cultural Center, no New Trier Winnetka (Chicago, EEUU); no Javits Convention



Pintando o mural da
Basílica da Anunciación
en Nazaret de Galilea
(Israel)
1968

Center de Nova York, no Museo Norden (Alemaña); no Niavaran Palace de Teheran (Irán) e no Rat Haus de Aurich (Alemaña).

Na actualidade continúa coa súa actividade creadora nos seus estudos de Samieira (Poio) e Madrid.

CATÁLOGO

Con motivo da exposición, o Museo de Pontevedra editará unha publicación monográfica con reproducións de todas as obras expostas e textos asinados por Pilar Corredoira, comisaria da mostra; María Guzmán Pérez, catedrática de Pintura Contemporánea da Universidad de Granada; polo humorista gráfico e ensaísta Siro; polo compositor Juan Durán; e polo musicólogo e crítico musical José Luis García del Busto.

Extractos del catálogo

As obras que ilustran este traxecto remiten ás súas esencias multiformes e á exaltación dunha das grandes calidades que comporta a súa pintura e que non é outra que a acusada "expresividade cromática", un dos principais signos distintivos que cruzará con total intensidade o labor efectuado do pasado ao presente, desenvolvida en diferentes áreas creativas: pintura, muralismo, debuxo ou gravado.

Máis aló das etapas vividas, quedarán reflectidas nestas creacións as preocupacións do artista fixadas en diferentes cuestións, entre elas a importancia outorgada á figura humana, distribuída en composicións solitarias ou en grupos; intencionadamente deformada, expresionista, ofrece todo un conxunto cohesionado que cobra vida nun contexto xeométrico. E no fío condutor,



trazado ao redor daqueles temas sobre os que segue reflexionando sen perder nunca o acento do propio estilo, veremos nesta exposición e nun diálogo que parece non interromperse escenas plenas de sentido irónico que convidan á reflexión, ao gozo estético. O compromiso coa creación dunha realidade inherente, fixada no seu particular universo plástico, no que ocorren novas formas de atrevidas sucesións, de equilibrios, de contorsións.

Así mesmo, Úbeda traslada á súa pintura as incertezas, as complexidades da vida, e convérteas en materia plástica, en accións que denotan movemento e actividade; son escenas reveladoras dos impulsos que toman carta de natureza e se mostran en vibrante colorido, en amplas pinceladas.

Blue vibrations

1993

'Rafael Úbeda,
expresións cromáticas'
Pilar Corredoira

"É intelixente e analítico, intuitivo, reflexivo e culto. Ameno e infatigable narrador, dotado de enorme sensibilidade e profunda imaxinación, así como dunha sutil e aguda retina. A timidez asoma no seu talante, como nos poden sorprenden os seus brotes de

inxenuidade e ironía, pero filtrada pola súa natural bondade. É o artista que non presume de tal, e, como intelectual, a humildade é a súa carta de presentación. Hai que descubri-lo”.

(...)

Do seu peculiar léxico artístico, gustaríame prestarlle especial atención ao movemento. Aquí todo se dinamiza, afecta os protagonistas escénicos, pero tamén se proxecta nos fondos. O movemento é fundamental, e dá conta do testemuño, evocación e asimilación dos postulados futuristas. Movemento conseguido polo desdobramento de formas unidas entre si, coas que chega a expresar “velocidades” e, nalgúns casos, a súa potenciación é tal que logra auténticos “aceleramentos”. Poden ser ilustrativas as mans que tocan instrumentos; estas, ademais, son un núcleo de interese preferente pola importancia dada e polo singular e expresivo tratamento.

*‘Rafael Úbeda no Museo de Pontevedra’
María Guzmán Pérez*

Se tivese que cualificar cunha soa palabra a personalidade artística do pintor Rafael Úbeda, diría “autenticidade”. Rafael Úbeda nunca enganou a ninguén, nin se enganou a si mesmo. Esta que vemos é a obra dun pintor que con noventa anos segue retándose para aprender cada día un pouco máis. Ata Picasso fixo nos últimos anos pinturas e debuxos de urxencia. Rafael Úbeda non. Rafael Úbeda segue o lema do circo e procura «o máis difícil cada día». Fisicamente é un superhome, un coloso; artisticamente, un creador insaciable . Coma o xigante Anteo, que recuperaba os folgos en contacto coa terra, Rafael Úbeda recupéraos



en contacto cos amigos. Cando se sente canso, baixa da estada, chama a algún, bota unhas risas e volve á faena.

'Sobre o misterio na arte de Rafael Úbeda'
Siro

Dicía Kandinsky, tan admirado por Úbeda, que "A cor é un medio para exercer unha influencia directa sobre a alma. A cor é a tecla. A alma é o piano con moitas cordas. O artista é a man que, por esta ou aquela tecla, fai vibrar adecuadamente a alma humana". Rafael Úbeda é ese artista que fai verdadeiramente vibrar as cores e as formas, sempre ao servizo dunha música que vive no lenzo. Unha coexistencia dinámica onde se dan a man música e pintura dunha maneira que eu nunca imaxinara. E todo iso nun estilo persoal, único, inconfundible. A pesar de que cada obra de Úbeda lle achega algo novo e distinto á anterior, o seu característico selo persoal está sempre presente, irradiando a súa visión dese mundo sonoro e visual, a partir dunha técnica e dunha creatividade que sempre sorprende o músico profesional que se planta diante da súa pintura. E sei que iso é así porque tantas veces palpei nos meus colegas desde a sorpresa inicial ata a máxima admiración final cando se trata de observar un cadro de Úbeda.



Viento y cuerda
1998

Juan Durán

Ten razón Úbeda ao autodefinirse como "artista sinestésico", pois "intúe cores nos sons e sons nas cores"; tiña razón o recentemente falecido compositor Rogelio Groba cando, ao contestar o discurso de ingreso do noso artista na Real Academia Galega de Belas Artes,

postulaba que as súas obras soan; tiñan motivos compositores, coma o propio Groba ou Tomás Marco ou Juan Durán ou Manuel Seco de Arpe ou Rubén Somoza ao escribir música dedicada a (ou inspirada en) Rafael Úbeda; era natural que Rafael Úbeda compuxese obras pictóricas a partir de composicións musicais de Shostakovich ou de García Abril...

'A súa música soa...'
José Luis García del Busto



Un trasno no entroido
2023